

COMISIÓN INFORMATIVA DE COOPERACIÓN, INFRAESTRUTURAS E MEDIO RURAL

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **15 de setembro de 2021**
Ás 18.15 horas do día 15 de setembro de 2021, réunese a comisión informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural, no salón de sesións da Deputación Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: D. Pablo Pérez Pérez

Deputados/as do Grupo Popular:

D.^a Ana Patricia Torres Madureira

D. Álvaro José Fernández Pérez

D. Miguel Antonio Cid Álvarez

D.^a Consuelo Vispo Seara

Deputados/as do Grupo Socialista:

D. Aurentino Alonso Araújo

D.^a Elvira Lama Fernández

D.^a Rosario Rodríguez Delgado

Deputado de Democracia Ourensana: D. Armando Ojea Bouzo

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Deputada non adscrita: D.^a Montserrat Lama Nóvoa

Deputado non adscrito: D. José Miguel Caride Domínguez

Secretario: D. Juan Marquina Fuentes

Interventor: D. José Mosquera Casero

Non asiste o deputado do Grupo Popular don Jorge Pumar Tesouro, que é substituído por dona Consuelo Vispo Seara.

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 21 DE XULLO DE 2021.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 21 de xullo de 2021.

Non se producen intervencións e por unanimidade a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural do día 21 de xullo de 2021, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.- Non se presentan.

3º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

D.^a Elvira Láma Fernández, do Grupo Socialista, intervén para preguntar pola noticia xurdida en prensa estes días sobre unha posible invasión dunha parcela privada dunha fundación polas obras que a Deputación está promovendo e executando no entorno do Mosteiro de San Pedro de Rocas. Sinala que nas noticias que saíron na prensa a Fundación Moreiras indica que non recibiu ningunha notificación do procedemento e que se lle ocuparon parte dos terreos e un muro.

O **presidente da comisión** indica que está seguro de que o procedemento, tanto das obras como o expropiatorio, foron correctos e garantistas con todos os propietarios e que en todo caso se fíxo respondendo as indicacións que deu a Dirección Xeral de Patrimonio. Pide que se trate de distinguir aquelas persoas ou entidades que loxicamente poden formular reclamacións daquelas outras que só se dedican a facer ruído nas redes sociais.

D.^a Rosario Rodríguez Delgado, do Grupo Socialista, indica que no Pleno de xullo preguntou polo estado das obras na estrada provincial OU-0564 Mugares-Alongos, no municipio de Toen, onde se indicou que se lles daría a información por escrito e non recibiron ningunha resposta.

O **presidente da comisión** indica que se lle fará chegar á maior brevidade.

E ás 18.22 horas dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.

